

Queixumes dos pinos

Eduardo Pondal

1

Pol-o baixo cantando,
O bóo bergantiñan,
Co' aguillada o lombo,
E garboso ademan;
Q' a Ponte-Ceso leva,
En noite de luar,
Grave o carro de táboas,
Anteposto quezáis;
Por cousas que n'esprica,
D' un fondo e vago afan;
Mil escuras suidades,
Ceibando ós ecos vái;
E da pátria a pungente servidume,
Parece recordar.

Ó pé do castro verde,
Ben' os mira ó pasar;
Q' en masa escura e informe,
Ajuntados están,
E na nativa costa,
Os escuita fungar:
Parécelle que soan,
Intrépido compás,
Cuida que do combate,
Murmuran o sinal;
En escadron formados,
Cal gente de Breogan,
En falange de ferro ben tecida,
Que s' aprest' a lutar.

2

E pois eu aborrezco
Os vulgares propósitos;
E o fin do meu traballo,
Certo he non remoto;
Antes q' a comun nai,
Recruba os meus desposos,
Deixar de min quixéra,
Un radioso lóstrego;
E morrer con honor como morréra,
Brásidas valeroso.

Certo eu non me resigno,
Morrer cal quase todos;
Innobre, escuramente,
No leito vergonzoso;
Eu procurar quixéra,
Mais erguidos propósitos,
Que pl' o fortes, vencéran
O ferro riguroso;
En pró d' algunha causa,

Q' honrara os fastos nosos;
E morrer con honor como morrera
Brásidas Valeroso.

Non, non está nos brandos
Regalos ociosos,
Nin nas cousas muliebres,
Nin nos afectos mórbidos,
A meta escrarecida,
Do ánimo glorioso;
Mais sóo nas cousas fortes,
E nos férreos propósitos
E' en caer con fragor como caera,
Brásidas Valeroso.

3

Podés deter un pouco,
O valente soldado,
Que torna presuroso,
Por ver os eidos pátrios,
En demanda do ledo,
Rústico albergue caro;
E preguntárllle os trances
Do combate pasado:

Mais os maravillosos,
E vagabundos bardos,
Coma todo que trágue,
O seu tempo contado,
Non intentés detél' os sonorosos,
Que son aves de paso:

Podés deter un pouco,
No camiño apartado,
O nobre peregrino,
De longa barba, extraño;
Que ven de longes terras,
Do vento requeimado;
E preguntárllle as ansias
Dos pasados traballos:

Mais aqueles que punza,
A fatal lei do canto,
Cal todo que no mundo,
Anda peregrinando;
Non intentés detél' os vagabundos,
Que son aves de paso.

Todo detér podedes,
Un pouco á voso lado;
Todo suspender póde,
O seu camiño vago;
Todo, ó mais fugitivo,
Póde ter seu retardo;

As follas do outono,
As aréas do Océano:

Mais aós que atormenta,
Un extro soberano,
Coma todo que trágue,
O seu tempo contado,
Non intentés, non intentés detél' os,
Que son aves de paso.

4

Muitas veces nos matos nativos,
No crepúsculo fusco e calado,
S' escuita das aves,
O rápido paso;
Das aves aquelas,
Do pico tamaño,
Que sóon retirarse
Dos rudos traballos,
D' escollos e prayas
Do fero Océano;
E van en ringleira,
Gritando e voando;
En demanda das illas Sisárgas,
Seu noto reparo.

Ah! quen fora com' elas tan libre!
Cautivo do barro,
Con fonda tristura,
Dixérase o bardo,
Que soña antr' as uces,
Co tempo pasado,
Que fora tan libre,
Fugindo do trato,
Falaz, inseguro,
Dos nécios humanos!
Quen poidera vivir coma elas,
Nas prayas e bancos,
Nos baixos e furnas,
Nas sirtes e fachos,
Nos seos esquivos
Dos feros peñascos!

5

Que barba non cuidada!
Que pálida color!
Que vestido que longa
Noncuranza afeóu!
Quezáis he algun malvado,
Quezáis he algun ladron...
Miña madre, valédeme,

Valédeme, por Dios;
Quezáis he algun minguado,
Q'o juicio lle mancou;
Oh! que vista tan brava,
Chea d'espanto e dor!
Non sei se me dá medo,
Se me dá compasión;
Parece un pino leixado do vento,
Parece botado do mar de Niños.

—Singela rapaceta,
Non me teñas temor;
Non son un vagamundo,
Non son ningun ladron:
Geroglífico ousado
Do limo soñador,
Vou, e ignoto á min mesmo
Escuro enigma eu son;
Se quezáis estou tolo,
Estou tolo d'amor:
Por eso as boas gentes,
Pr' onde vagante vou,
O ver meu abandono,
Din con admiracion:
Parece un pino leixado do vento,
Parece botado do mar de Niños.

Pensamentos insómnos
Turbulenta ambición,
Propósitos de ferro,
O ánimo nobre ousou:
De mil suidades fondas,
O túrbido escadron,
Com'a Luzbel privára,
Do primeiro esplendor.
Son os bardos sapientes,
Que lei fatal lanzou,
Soñadores e vagos,
De sua condicion:
Por eso eu á min mesmo,
Non me conozo, non;
E escraman os camiños
Mesmos por onde vou:
Parece un pino leixado do vento,
Parece botado do mar de Niños.

6

Morrer en brando leito,
Entre molentes brondas,
Rodeados d' amigos,
Q'o pracer nos recordan;
De tímidas doncellas,
Imbeles e chorasas,
Que pra mayor dozura,

Na nosa última hora,
Ó redor de nos ceiben,
Lirios e brandas rosas;
Certo he desaparecer cal vírgen tímida,
Brandamente, e sin gloria.

Oh' quen morrer poidera,
Coma o forte Leónidas;
Envolto en duro ferro,
N'outras rudas Thermópilas;!
Por unha pátria escura.
D'escravos e d'ilotas;
E deixar, cal cometa,
Longo rastro de gloria!
E caíra, non pronó,
Coa faz a terra volta,
Mais as turmas conversa,
Audaz e miazosa;
Ainda apreixando o rutilante ferro,
Que verte gota á gota!

De modo, q'o viandante,
Vendo con gran zozobra,
Crubir a dura terra,
A cinza poderosa,
Dixéra con espanto:—*Certamente*
Este era grande cousa!

7

Das africanas prayas veciñas,
Como costumán,
Retornarán,
As amabres e doces anduriñas;
E pol-o bardo,
Preguntarán.

Mais os curutos,
En donde os pinos
Queixárase sóen,
C'o vento soán,
Já sabedores
Dos seus destinos,
Cal quen teme decir esquiva nova,
Nada dirán.

8

N' hay unha fonte,
Tan fresca e pura,
N' hai unha nube
Tan vaporosa,
N' hai unha estrela
Tan tembrorosa,

N' hai tan espléndido,
Rico color;
N' hai tan alegre
Velo luxoso,
Non hay nos cómaros
Tan leda alfombra,
Non hai palmeira de tanta sombra,
Ela he a vida
Do trovador.

N'hai un deserto
Tan abrasado,
N'hai un oásis
Tan delicioso,
N'hai chan adusto
Tan infrutoso,
N'hai grato horto
Tan seductor;
N'hai bebedizo
Tan feiticeiro,
N'hai unha pócima
Tan homicida,
Ela he o norte, ela he a vida,
Ela he a morte
Do trovador.

9

—De Camelle os baixos son,
Muy garridos ô mirar;
Nun día craro d' inverno,
Cando o vento en calma está:
O pescador desde longe,
Con doce e secreto afan,
De bruzos sobre da proa,
Os está vendo branquear.

10

Ou mazarico que cantas,
Trás do pinal do *Marico*;
Non sei que me dá, se t'ouzo,
Non cantes máis, mazarico:

Cal fero cuitelo pasante e pungente,
Mesmo na alma te sinto!

11

Com' a debesa follosa,
Sobr' a nativa e cara costa de Recemel,
Q' está na sua pendente,
Calada, sin se mover,

Dobrada a frente, sedenta,
D' agosto no ardente més,
Esperando os doces aires,
Que a veñan estremecer,
E o bóo resío da noite,
Aguarda con nobre fé;

Tal a doce rapariga,
Q'a lunazon primeira non conocío tal vez,
Pró contodo, sin ser nena,
Non he de todo muller,
Aguarda aquel q' adiviña,
Anque non saba quen hé.

12

«Ou terra de Bergantiños,
Roxa ô arar, nobre e testa;
Doe á vista desde longe,
Donde vin a lus primeira.
Cand' era rapaza nova,
Casánome en terra alléa:
(Ainda meu pai n' acabara,
Ben catorce sementéiras.)
Cando de ti me leváno,
Tomei unha boa pena:
Fún chorando p' lo camiño,
D' unha terraxe estrangeira.
Se non te vexo cos ollos,
Bergantiños, boa terra,
C' os ollos do corazón,
Vexo as tuas doces veigas.

Ou terra de Bergantiños,
Ben te vexo desde longe,
Cos teus trigos e os teus pinos.

«Virge garrida, que tendes
Vosa capilla ben feita,
Onde fan seu niño as aïgas,
Sobr' o alto de Ferreira,
E gozás da vosa altura,
É vedes á longa terra,
De Bergantiños tendida
No chán dos antigos celtas:
O fin, despois de ben tempo,
Volvo á ver na cume recia,
Cal branca pomba pousada,
A vosa casiña leda.

Fun rapaza, agora veño,
Non moza, aunque non son vella,
E dendes d' aquí contempro,
Os campos que a lus me déran.

Aquel hé á Ponte Dona,
Zréo, Xaviña e Valencia,
Corcoésto e Santa Baya,
Todas, todas, boa terra:
A carballeira de Verdes,
Ben preto do río hé aquela;
Aquel' hé a torre de Trába,
Que desde longe branquéa;
Os verdes de Coristáncó,
E os altos pinos de Bértoa;
E tí, castro antigo d' Oca,
Ben te conozo, antr' a brétoma.

Ben te vexo, Bergantiños,
Desde ó alto de Ferreira,
Cos teus trigos e os teus pinos.»

13

Meniña, rapaza nova,
Ou rosa de Corcoésto;
Que te brandéas con grácia,
Os doces sopros do vento:
S' hé certo que por tí vivo
S' hé certo que por tí peno;
Se tan doce é dadivosa,
Como dín que és, hé certo;
Cúrame, ou rapariga,
Estas suidades que teño:
Estas suidades da alma,
De non sei qué, que padezo;
Ti téas dos meus males a doce manciña,
Ou rosa de Corcoésto.

14

—Salvage val de *Brantóa*,
En terra de *Bergantiños*;
Ou val, amado dos celtas,
E dos fungadores pinos:
Cando Gundar prob' e 'scuro,
Sea d' este mundo ido;
No teu seo silencioso,
Concédelle, val amigo,
Sepulcro a modo dos celtas,
Tan só de ti conocido.

Qu' hai tempo que n' este mundo,
Anda o bardo peregrino,
Deseando chegar ó cabo,
D' un traballo escurecido;
E samente repousar,
Deséa do seu camiño.

N' hé a vellez a que causa
O fondo dolor que sinto;
Pois que son do tempo voso,
Carballos de *Carballido*:
Suidades de non sei qué,
Recordos quezáis do espírito,
D' aIgunha perdida pátria,
Ou d' antigo ben perdido,
N' esta peregrinación
Miña, van sempre comigo;
E son os meus compañeiros,
No trabaloso camiño,
Suspiros por non sei quén,
E por non séi qué suspiros.

Salvage val de *Brantóa*,
Pátria do forte *Cou-d'-lndo*;
Ond' a garrida Rentar,
Trougo o paso fugitivo,
Os corzos, co curvo arco,
Animosa perseguindo;
Na tua soedá recibe,
Este bardo peregrino;
Ou valle das vagas brétomas,
E dos rumorosos pinos.»

—Nobre Gundar, fillo d' Ouco,
Fillo de Celt, de Rou fillo;
Ou bardo dos negros ollos,
De nobre andar e garrido
Escudo, de voz gemente,
D' un acento nunca oído;
O rumor asomellante,
Do vento nos altos pinos:

Teus vagos e doces cantos,
Certo non desconocidos
Me son, e non veces poucas,
Os teño quezáis oído;
Ben no m' acordo s' agora,
Ou quezáis en tempo antigo;
Mais cos oídos da alma,
Que cos corpóreos oídos.

Un bardo que tan ben canta,
Non debe temé-l-o olvido;
Ou cantor dos nobres celtas,
Os de corpos ben cumpridos,
Que na terra de Brigándsia,
Pol-a pátria sucumbino!

Esa indecisa inquietude,
Cando me vés, bardo amigo,
Suidades son d' unha pátria,
Q' un día a alma perdío;
Son misteriosas lembranzas,
Do desterrado afrigido,

Que s'acorda da sua terra,
En terra alléa cautivo;
E quer volver outra vez,
Ós pátrios eidos amigos.

Os bardos son nobre cousa
E grande, e non comprendidos
Soen asaz ser dos fillos
Dos homes, e duros casos
Muitos, proban os divinos.

Tan só tí, soedade agreste,
Asilo és dos bardos digno!

E pois que qués repousar,
No meu seo verdecido,
Repousarás, sin que turbe
Ningun rumor teus oidos;
Refrescando cas suas augas,
Tua frente, doce olvido;
(Non pra memoria dos homes,
Mais pra olvido de ti mesmo;
Q' he doce ó home olvidar
O pesar e o ben perdido).
Antr' as uces de *Brigándsia*,
Cabo do dólmen amigo,
Da fugitiva Rentar,
E do esforzado *Cou-d'-Indo*,
Filla do moreno Ourens,
E do nobre Lugar fillo.»

15

Penedos de Pasarela,
Cando vos vexo, penedos,
Suspiro d'amor por ela.

16

Eu non sei por que terra esquiva e dura,
Cal d'un decreto férreo lanzado;
Con un escuro lóstrego na frente,
Iba o sublime e vago.

El vai cal vai nubrado vagabundo,
Q' empuxa impetüoso cerzo helado;
Cal vai en busca de mais doce crima,
Fugaz ave de paso.

Fillo d'un siglo rudo, que no tempo
Cumpre tan só dura epopeya, escura
Edá de ferro, él fuge do seu siglo
As sanguinosas luitas.

Paróuse o vago; e palidez siniestra,
D'improviso nubrou sua frente pura;
Lóbrega tempestá, nube sombría,
De mortales angustias.

E cái no ermo; e a nobre, ardida frente,
Q'o vento do deserto requeimóu,
Apoya o melancólico instrumento,
Amigo e soador.

Quezáis iay! d'un homérico combate,
Caío cansado no deserto adusto;
Non d'outro modo cái n'ardente aréa,
Gladiador moribundo.

Non jace volto ó chan o vagoroso;
Mais como sempre o alto pensamento,
Buscára outra region; o rostro nobre
Ten ó ceo converso.

Non d'un home sin fama o sello escuro,
Na sua sublime faz, ostenta o vago;
Mais na grande ruína, he somellante
A luceiro apagado.

E cruza acaso un home pasageiro,
E o sepulta, e pranto non lle nega;
Baixo a gigante sombra misteríosa,
D'antiga e alta selva.

17

Q' ô teu peito hé menos branca,
Ou nena, á neve que cróa,
Aló no mês de Janeiro,
As úces do rio Marzóa.

Úces da terra de Xallas,
Úces, deixádea pasar;
Ela he filla de Santiago,
Non'stá afeita á vos tratar.

Úces da ponte Aranton,
Non toqué-l-ós seus vestidos,
Q' eles para vos non son.

18

—Vámos, mi buena Rentar,
Deja una vez tus tristezas;
Estás ya convaleciente,
De tu penosa doléncia;
Nada te falta; en la casa
De los condes de Sansueña,

Sobra todo, y te está hablando,
Quien hereda su nobleza:
Mi palacio es tu palacio,
Aquí el bienestar alberga;

No vieron nada los ojos
Mejor, ni á nadie recreán,
Como estas, ricas alfombras,
Donde se goza y se sueña.
Bajo estos techos habitan,
La alegría y la riqueza;
Hay cuartelados blasones,
Y hay criados con librea,
Y hay coches donde tu sueles
Ser llevada á la carrera...

De abandonar á Madrid,
Rentar, la idea desecha;
Y por tu dulce Galicia,
No truéques la mansión régia
Que habitas, donde te juro,
Ser tu amiga, no tu dueña.

Esa tu triste nostálgia,
Oh, quien distraer pudiera,
Y volverte la alegría...

(El doctor, aparte y en voz baja).

—Preguntádlas por su tierra.

—Pues bien, oh Rentar, tu pueblo,
Cómo se llama, recuerdas?»

Al oír nombrar su pátria,
Estremecióse la bella,
Cual si un repentino fuego,
Discurriera por sus venas;
Y sus labios animando,
Sonrisa dulce y serena,
Exclamó con entusiasmo,
A nueva vida despierta:

—*O meu lugar he Gundar,
Cabo da veira da terra
De Xallas; mais coma Xallas,
N' he terra tan agre e estérea;
Préto d'areosa Lage,
Non longe de Pasarela:
As suas casas son brancas,
E unhas pombas asomellan,
Sobr' un tarréo pousadas,
No tempo da sementeira;
E cara o sol cando nace,
Tén as ventanas ben feitas.
As suas augas son doces;
E diante tén unha veiga,*

*Que quen á contempra un pouco,
Suidades déixano e penas.
Alí deixéi ó que á alma,
Non recorda sin tristeza;
Os meus, é aquel que foi causa,
Da miña pena primeira...*

—Vamos, oh dulce Rentar,
Tu triste llanto refrena.

—*Ou terra de San Simon
De Nande, vizosa terra;
Morra eu primeiro sin vértete,
Antes que de ti me esqueza.*

19

Paroleira anduriña,
Sobr' o balcon pousada,
Singela viageira,
Chea de doce gracia;
Do rei Teréo esposa,
Triste d'antiga mágoa:

Suspende, oh vaga Prógne,
Tua quéixosa charla;
Non cantes mais, o pico
Cobixa baixo d' ala;
E do teu longo canto,
Un pouquiño descansa.

Non turbes da formosa,
A sosegada cámara,
Ca tua canzon, q' acaso,
Fala d' ardente Africa:
Oh! permite que durma,
Do amor fatigada,
Baixo dos ledos prégues,
Do pabellón de grana:
Non despértel' os ecos
Que repousan en calma,
—Pol-a espléndida e rica teitume,
Antre das follas anchas.

20

Adusto, solitario e silencioso
Está..., e a punta sin cesar branquéa;
E de duro combate e de sufrida
Derrota, sin cantor, n' escond' a afrenta:
Sombrió jace ó desolado e alto,
Quezáis na rota oprobiosa pensa.

Triste 'stá o cabo; muy axado e escuro,
O rostro tén o denodado atleta;
O huracan co seu ardente sópro,
Arrebatóull' as indigentes breñas;
E n' oculta do rayo vengativo,
N' altiva frente, eterna e negra fenda!

De Luzbel compañeiro na derrota,
Compre quezáis unha fatal condena.

Testigo de naufrágios e combates,
Pensa quezáis envolto nas suas brétomas,
Con pungentes recordos saudosos,
No resprandor da doce edá primeira;
Cand' ó principio, cheo d' hermosura,
Brotóu do seo mórbido da Terra.

¡Can demudado está d' aqueles dias
Da juventude, o denodado atleta!

Así nos' alma; cando as alegrías,
A sôn abandonar da edá primeira,
Axada pol-o vento impetuoso,
Das pesadumes e infortunios queda;
E o corazon tamen cando perdémos,
Aquela q' ó recordo he lava intensa!

21

—Rio *Langüelle*, rio *Langüelle*,
Ben se vé q' és da montaña;
Ou feo fillo das brétomas,
E das uces desleiradas.
Cando te vexo de longe,
Atravesando nnha gandra,
Non sei se sinto suidades,
S' hé ó que sinto na alma;
Solo sei que estou de mais,
Donde me pôn mala cara,
Q' en montañés, cortesía,
Está por demais buscála.

Ou aires de *Troitosende*,
Terra, donde m' eu criára;
Levad' esta filla vosa,
Levá d' esta terra estraña!

Os rios da miña terra,
Non tén á cara tan brava,
Nin parece qu' á ninguen
Neguen unha sede d' auga;
Nin teñen, en vez de frores,
Tan solamente uces altas.
C'o teu esquivo caraute,
E receosas miradas,

Pareces, *Langüelle*, un lobo,
Que, por non ver gente, escapa.
As tuas ribeiras son
Ben soas é ben escravas;
Donde no medio do vrán,
Só se vé pousada á garza.

Rio *Langüelle*, rio *Langüelle*,
Ben se vé que és da montaña;
Ou feo fillo das brétomas,
E das uces desleiradas!

22

Ibas gozando no meu tormento,
Ibas fugindo,
Por medo a min;
Levóuch' a faldra curioso o vento...
Vállam' os ceos,
Ay o q' eu vin!

Déndesd' aquela, sempro sufrindo,
O doce sono,
Non conocin;
Se durmo, en soños, estou decindo:
—Vállam' os ceos,
Ay o q' eu vin!

Espera un pouco, doce enemiga,
Se non qués q' esto,
Salla de min;
S' a todos crúa, nón qués que diga:
—Vállam' os ceos,
Ay o q' eu vin!

23

Cando as doces anduriñas,
Baixo un aleiro pousadas,
Descansan do seu camiño,
En busca da ardente Africa;
As amantes viageiras,
Co pico baixo da ala,
N' aquel garrido silencio,
En qué pensan?—Na sua pátria.

Cand' eu era estudante,
E ô doce albergue tornaba,
Lento cruzando á cabalo,
A fea terra de Xallas:

Ó atravesar silencioso,
As soas é esquivas gandras,
As rendas abandonando,

O impulso das vagas auras,
Po' agreste soedade,
Pensativo camiñaba.

En qu' iba pensando estonces,
Decíde, ventos de Xallas:

—Sempr' iba pensando néla,
N' aquela doce rapaza,
Q' era filla de Santiago,
Branca, garrida é fidalga.

24

Ten o seu punto,
A fresca rosa,
De ser collida,
A encantadora:
Cand' inda tímida,
Sua testa asoma,
Quase escondida,
Na verde roupa,
Non dice nada,
Por vergonzosa:

Mais cando apenas,
Mostra as suas follas,
Está decindo:
—*Agora, agora.*

Cando ceibando,
Todas suas follas,
Desnudo o seo,
Mostra orgullosa;
Chégase tarde,
A calquer hora,
Por q'os ventetes,
Que a namoran,
Já lle roubaron,
Seu doce aroma.

Mais cando apenas,
Mostra as suas follas,
Está decindo:
—*Agora, agora.*

25

Dous rapaces, non sei onde,
Ben non me podó acordar;
Do vento mouros, garridos,
De tenro corpo lanzal,
Cal dous follentes brabádigos,
Da terra de Breogan;

N' un sitio vougo, areoso,
Se puxeron a cantar:

Decide, ventos da *Cróa*
O q' oíches sin tardar:

—D' unha lancha á branca vela,
Da negra altura ô tornar,
Parece, toda encurvada,
Da virazon xorogal,
Unh' ala d' unha gaivóta,
Que mais alta qu' outra vai.
¡Que garrida he á branca vela,
Cando se vé bandear!...

De bolina, tesa á escota,
Que os ventos subíar fan,
O courel debaixo da agua...
Que gusto véla avanzar!
Que garrida vay á lancha,
Ca espuma que ó redor fai...
Que dicha hé ser pescador,
Que ten por seu todo ó mar!

—Os *Casás* están ben sós,
Sempre calados están,
E tan sós, que ó seu silencio,
Solo ó soen perturbar,
Algun corvo, ou vaga gralla,
Que alí se pousan quezáis:

Son vougos, sin gente, mouros,
Só de longe ven ó mar;
Son ermos, é non ten verdes,
E 'stán, cara ô vendabal,
O pé do monte da *Croa*,
Nun regueiro que ali fai
A aréa que move ó vento,
E á duiira que soe baixar,
N' aquel tempo en que ao lume,
Hé doce quentál-as mans.

Nos *Casas* estáse ben,
O home alí seguro está,
Sin que ningunha triganza,
Seu peito veña á turbar.
De longe, ben prontamente,
Se conocen os *Casás*,
No arëoso regueíro,
Por uns valados que hai,
Que cal mallas d' un tramallo,
Entretecidos están.

Hé certo que un pouco esquivos
Son de caris, he verdá;
Din que son un pouco mouros,
E hastra vougos por demais;

He certo, mais son alegres,
Pra quen os sabe mirar;
Os *Casás* están ben sós,
Só de longe ven ó mar.

—Cadiz, hé unha vila grande,
E garrida sin igual;
Conocida en todo o mundo,
Por linda, e reina do mar:
A das brancas azotéas,
A fada de leve van,
A dos lindos miradores,
A do gracioso mirar;
A saudosa, a gentil,
Maravillosa é lanzal.

Cando á ven os mariñeiros,
Desde longe branquear,
Quedan un pouco calados,
O ver un encanto tal.

Alí ó home que vai novo,
Mil praceres gozou já,
E da vellez non probou,
O noxoso é grave mal.

—Basilveiro hé verde é fresco,
Non hé vila nin lugar;
Alí non hai diversions,
Alí palacios non hai;
Mais probe e todo com' hé,
Non me deixa d'agradar.

Ten unhas augas correntes,
Q' escuitálas genio dá;
E diante uns prados vizosos,
Con uns cantos aveláns,
Que soen fungar co vento,
Con' un garrido compás.

Alí ó home sen cuidados,
Os seus dias trague en paz;
E de vello vai cas cabras,
Como fixo de rapás.

26

O abrigo de vento círculo,
Sentada ó pé dos valados
Q' hai nos *Casás* de Nemiña,
Os cabelos pieitando,
C' un lindo pieite d' ouro,
Que deslumbra ó miralo;
Cantaba á fada Rouriz,
Cousas do tempo pasado:

*Eran Manoel Leis e Baña,
Barrentos, Lastres é os Paz;
Eran Piñeiro e Leis Busto,
Ruiz, Canosa é Currás;
Arxomil, ó da Redonda,
(Nunca se m' esquencerán)
Pedro Rodriguez, O campo,
Lourenzo, é Castro Romai;
Francisco de Castiñeira,
Cristobo, morto en agraz;
Mauro Fernandez, Menecho,
Manoel Romero é Pon... al.»*

*Esta parte do seu canto,
Ben non se poido escoitar:
(Sopraba ó aire muy recio,
Nos valados dos Casás)
E, cal son de doce corda,
O longe foi espirar.*

*«Lastres, era de Mugía,
A areósa, á seca, á triste:
Leis, era de Suxo, é Ocampo,
Da terra de Villarmide:
Leis Busto, de Coucieiro:
Barrentos de Morpequite;
De Corcubion os outros,
Non eran fora dos lindes:
Os outros, ou Bergantiña,
Todos tí nacél-os viches.*

*Estes foran os rapaces,
Que nunca me sahirán
Da memoria, porque un tempo,
Soían ben alegrar,
Estes lugares q' agora,
Muy sós é tristes están.*

*iOu rapacetes rebertes,
De tenro corpo lanzal;
E tan libres, com' os corvos,
Do facho de Touriñan!*

*Nas chunas do meu pulacio,
Que baixo da terra está,
Os vosos nomes garridos,
Para sempre hei de grabar.»*

27

*Oh quen poidera,
Pillárte soa,
No seo amigo,
D' escura cova!*

E como edra,
Que cenguidora,
Branca coluna,
Premente enrosca;
Cos brazos dárche,
Mil terras voltas;
Decírch' o oido,
Mil terras cousas;
E o término atopar da esquiva ruta,
En breve hora!

28

—Ou mozos, que camiñantes,
Por ese camiño ídes;
Vinde abrigárvos un pouco,
Se hé que mollados vindes.
Teño bóo viño é rosquillas
De Ceréo é Rececinde;
Teño unha pérfia d' á neto,
Mais comprida no na viches;
Tomá; probádemo un pouco,
E logo sin pagar íde.

—O viño he bóo certamente,
Mais, millor he quen' ó mide;
Qu' he tan doce é tan garrida,
Com' as rosas de Frexilde.

—O voso vestir, ou mozos,
Anque compañeiros ides
De viage, dí qu' en terra
Ben diferente naciches.
Tí, do sombreiro de palla,
Ou mozo de cara triste;
Do chaleque de lán branca,
Calzon de lán moura firme,
Tán aberto poI-os lados,
Que mais calzoncillos pide:
Anqu' hé moito preguntar,
De donde és has de decírme.

—Son montañés, non'-o nego,
De terra ben soa é triste;
Son de Xallas, nai das uces,
S' algunha vez d' ela oíches.

—Tí, da chaqueta vermella.
¿Tua terra dichosa dime;

—O meu vestir ben o dí,
A todos que ben me miren:
Do alegre chan da Mariña,
E doce terra de Bribes.

29

«Ou Castro de Remesende,
Que te téis por tan fidalgo,
Pois din que dos teus maiores,
Os reis amparo buscáno:
Do castro de Remesende,
Señor, por pleito heredado;
E do castelo que s'ergue
Sobre del, ben adornado,
Cos seus adárves e torres,
Todo ô redor almenados:
Ou Castro, ben se conoce,
Que naceches desleirado,
Entre soldados é muros,
E calabozos é escravos.!»

Así decía Hermesinda
De Barcala, ô desleirado;
(Que do solar de seus páis,
Preto pasaba á cabalo)
Limpendo as vágoas garridas,
Con un lindo pano branco.

30

En túrbia noite de inverno,
La luna su rayo tímido
Lanza acaso,— y centelleán
Los bellos cascos bruñidos,
De Cairbár y Gundariz,
«*Os de corpo ben comprido;*»
Que á Tura, ciudad de Ullin,
Estaban poniendo sitio.

Los dos héroes esforzados,
Semejan dos altos pinos,
Que están en pendiente inculta,
Por niebla medio escondidos.

Los guerreros de Cairbar,
Del comun sufrir rendidos,
Yacen en profundo sueño,
En brazos del dulce olvido.

Mas los nobles extranjeros,
En silencio, no dormidos,
Sus recuerdos en secreto,
Envían al pátrio nido;
y ven pasar á sus ojos,
Los dulces campos nativos.

Con un acento armonioso,
Al murmullo parecido,

De las olas, en las rocas
De la costa de Barizo;
Cuando los vientos reposan,
En bella noche de estío,
Dijo Cairbar:

—«Gundariz,
De origen esclarecido;
Oh nieto de Gondomil,
Y del noble Curban, hijo;
Ora que nuestros aceros,
Al ócio están convertidos,
Y que la dormida tierra,
Envuelve un silencio amigo;
Oh! cuéntanos de tu pátria,
Los recuerdos que ya han sido:
Un extranjero relato,
Es tan grato á mis oídos,
Como de acorde instrumento,
El melodioso gemido.»

Y Gundariz el prudente,
En estas palabras dijo:
Con una voz dulce y suave,
Y misterioso ruído;
Cual en las tardes de invierno,
El lamentar indeciso,
Del viento en las hojas secas,
De los robles de Lourido:

—Cairbar, de noble estatura,
Como esbelto y alto pino,
De la *gandra*; y solo en esto,
A Gundariz parecido:
Los acentos de mi pátria,
Son tristes y fugitivos;
De tál modo, que si acaso,
Los oye el atento espíritu,
Suelen dejar melancólico,
Al mortal que los ha oído.

—*Tomil, toma a tua arpa,
Ou bardo do nobre andar,
D'ollos negros como a ala
Do corvo do cabo Ougal;
Os suidosos recordos,
Canta da doce Finian,*

—«' *Splendor dos pasados tempos,
Cal receoso estrelar,
Dos vagos dias que fóno,
E que já non volverán:
Da miña escura memoria,
Ven á brétoma alumbrar.*

*Os nobres fillos dos celtas,
Héle doce recordar,*

*Os eidos da doce pátria,
Cando en terra allea están.*

*Amado dos nobres celtas,
Vello pinal de Froxán;
Os teus arbres, já encurvados,
O vento fai rebramar;
E ó musgo que os cubría,
Roto, ó lonxe caer vai.
En fría tarde de inverno,
He doce ó celta escoitar,
Apoyado na sua lanza,
Como funga ó huracan,
Nas tuas ramas antigas,
Q' á ráfaga encurvar fai.*

*Os teus pinos desde longe,
Na pendente do Brumar,
Son parecidos ós celtas,
Qu' en orden de guerra están.*

*Da pasada mocidade,
Can diferente ora estás...
Os verdes anos primeiros,
Fogen como ó vento soán,
Do esquivo cabo Nariga,
Antr' ó espeso matorral.
O alegre corno dos celtas,
Ora non fai resoar,
A tua sombría bóveda,
Chea de nobre beldá.*

*Agora ó redor de ti,
Reina olvido e soedá,
E un silencio que tan sóo,
Soe as veces perturbar,
Algunha pola q' estala,
S' ó vento sopra quezáis.
O cervo salvaxe entonces,
Que no escuro mato está,
Amedrentado levanta,
En vigilante ademán,
A alta e gentil cornamenta
E pónse atento á escoitar,
Tua salvaxe armonía,
C' un doce é secreto afan:
E ó seu sobresalto esquece,
Pol-o teu doce fungar.*

*Un regueiro ímpetuoso,
Q' antre espesos matos cai,
A cabo de tí rebrama,
C' unha triste voz lanzal.
¡Regueiro de Belouride!
Os días da verde edá,
Cas tuas augas pasáno,
E outra ves non volverán!*

*Amado dos nobres celtas,
Vello pinar de Froxán;
Os nosos antepasados,
Compañeiros da tua edá,
Non longe de ti repousan,
Mais nunca despertarán;
E os seus sepulcros antigos,
Alumbra ó branco luar.»*

—Gundariz, (dijo Cairbar)
Entre mil el distinguido,
Oh nieto de Gondomil,
Y del noble Curban hijo:
Los acentos de tus bardos,
No sé donde los he oído;
Vuestra pátria es una pátria,
Cuya hermosa faz he visto;
Y me traen lembranzas,
De otros tiempos que ya han sido;
No sé como, ni sé donde,
Mas cuyas notas percibo.

Dijo; y Gundariz el fuerte,
De recuerdos conmovido;
Por disimular el llanto,
Que al ojo asomó furtivo;
Con la visera del casco,
Cubrió su rostro divino.

31

Engañosa Morpeguite,
Fada do doce mirar;
Filla ligeira da brétoma,
De corpo leve e lanzal;
Presurosa compañeira,
Da virazon da miñan:
Lévenm' os demos, s' agora
M' has de volver a escapar;
Nin outra vez, com' anguía,
Te m' has d' escorrer das mans.

—Mira, 'státe quedo Mouco,
Mouco non me fagas mal;
Se me soltas che prometo,
M' obrigo de che contár,
Quen repousa n' *Arca d' Ogas*,
Desd' a nosa antiga edá;
Non me préndal' a faldra de brétoma,
Déixame, Mouco, vagar.

—Fora léria... As tuas mentiras,
Cansado estou d' escuitar;
En tí curaréi á forza,

As suidades d' aquel mal,
Que deixas na alma, cando,
Correndo soes pasar.
Hei de fartárme de tí,
Ch' o juro por miña nai;
Coma' un oso q' atopa famento,
De mel un doce panal.

32

Correndo fui o arume,
A hora en que cantan as rás;
Soiña e leda, os pinales
De Morás.

Volvió descabelada,
Decaída y sin zolás;
Era noite, sós os pinos,
De Morás.

Desde entonces tornóu alba,
Algo estantía quezáis;
Que lle pasára, pinales,
De Morás...

33

A hora en q' o doce luceiro,
Coméñzase de fundir;
As ben cornudas cabras montesías,
Levando diante de sí,
O pastor celta Temunde,
Volvía o doce redil;
Sóo, cantando pol-a gandra
De Xallas, d' uces nutriz;
E estremecendo a vaga soedade,
Seu cantar decía así:

—Arca antiga da Piosa,
O vento q' he triste oir,
Funga nas esquivas uces,
Q' están o redor de tí;
E pasa antr' elas bruando,
Con un dorido gemir:
Debaixo das tuas antes,
'Stá o valente Brandomil;
Non no olvido, mais nos brazos
Do eterno e doce dormir:
Ten o seu lado dereito,
O elmo dourado e gentil,
O' escudo, e a dura lanza
Ond' o sol, soía ferir;
E con pracer os celtas contemplaban,

De Xallas no ermo confin.

Ou valente fillo d' Ogas,
E da doce e nobre Eiriz;
Para sempre quedará,
Longa memoria de tí:
E cando o fillo dos celtas,
No tempo que está por vir,
Pensativo camiñante,
Pase quezáis por aquí;
Cando no tempo en que gia,
Se vexa a luna lucir,
Dirá ó verte desde longe:
—*O valente Brandomil,*
Saído da gentil e boa raza
Dos celtas, repousa alí.

34

Esquiva rapaceta,
Coma do toxo a fror,
Tan pura com' as frescas
Augas de Riobóo;
(Rio de Bergantiños,
Gentil e soador,
Cando da Bayabosa,
Sae con rouco ton,
Antre miudos seixos,
De branca e leda cor,
Buscando o brando seo,
Do seu mayor ó Anllons)
D' onde tiráche, nena,
Tan dura condicion?
Non negues, non, meniña,
O que pra dáirse, dou;
Cata ben q' ofendido,
Non te castigue Amor:
O trigo he para a fouce aguzada,
O érbedo verde ten sua zazon.

Chégase o doce figo.
Pol-o seu tempo bóo,
Baixo a materna fólla,
De prácido verdor;
E d' aquel que ten fame,
En fugir non pensóu;
E ben furtáirse deixa,
Do natural ladron:
A mazan no seu árbre,
Soña c' un furtador:
Non fuxas, rapaceta,
Tenros abrazos, non;
Non negues de natura
O que pra dáirse dou;

Non evites esquiva,
As doces leis d' amor:
*O trigo he para a fouce aguzada,
O érbedo verde ten sua zazon.*

Non foge a vaga poldra,
Que da ponte Aranton,
Pace na esquiva gandra,
O novo toxo mol;
Cando de longe sente,
A penetrante voz,
(Que lle chega hastr' os osos)
Do seu doce amador;
E espera a quen' a busca,
Pero non foge, non;
Nin nega o que natura
Pra non negárse, dou,
Mas ó jugo se rende,
Do caro vencedor:
Negar he cruéza,
Ceder he razon:
*O trigo he para a fouce aguzada,
O érbedo verde ten sua zazon.*

35

Cando no escarpado cabo,
Sae a fror da *caramiña*,
Ó cazador anunciando,
A leda estacion garrida;
Cando da doce *Suévia*,
Ás doces prayas amigas,
En nobelo gentil ajuntadas,
Chegan as ligeiras pillaras;

Entonces dó bardo o espírito,
Que soña antr' as uces hirtas;
No formoso instrumento apoyado,
En donde o vento suspira;

Mentras os fillos dos celtas,
Cumpren serva e innobre vida;
Entonces o espírito invade do bardo,
Escura melancolía.

36

Á sombra tecida,
D' espeso zreixal,
Muy ledó e folloso,
No tempo do vran;
En donde se sente,
Un doce zolás,
S' o vento antr' as follas,

Asopra quezáis;
(Tan ledo, que sempre
Frescura alí hai);

A garrida *Ousinde*,
Alegre sin par,
Rapaceta nova,
De tan curta edá,
Que segas catorce,
Non pode contar;
Ós niños andando,
C' o deño de Jan,
Dill' éste a meniña,
C' un doce mirar,
De pillo raposo:
iQue de zrexas hai,
iQue lindas, vermellas,
E ledas están!
Agora he o tempo
Das zrexas pillar.
E díxolle rindo,
A tenra beldá;

—*Pois sube abranguélas,*
Se che gusto dan.

—*Non podo, estou coxo,*
Non podo aganchar;
Subir tí poderas,

Que estás muy ben san,
Ligeira e gordecha,
Com' un pas-pallás;
E tés uns cachetes,
Com' unhas mazans.

—*Eu subo, pró mira,*
Non has de mirar...

E Jan lle contesta;
—*Corrente, ben 'sta;*
E logo o gran pillo,
Tumbóuse no chan.

Já sobe a meniña,
Ligeira sin par,
Já toca a espesura
Do alto zreixaI;
E cando mais leda,
Na faena está,
Collendo cereixas,
C' un doce cantar,
C' os ollos lagartos,
O deño de Jan,
Non sei para donde,
Se puxo a mirar.

Mais cólleo a rapaza,
No furto desleal,
E pódose acesa,
Como unha mazan,
Chorando e sorrindo,

Con grÁCia sin par,
Lle dí incomodada:
—*Táte quedo, Jan,*
Non... pois ten juicio,
Pois n' has de mirar:
Mira, eso non serve,
Pois eso non val.

—*Pois vaya, non miro,*
Lle dixo o rapás
Con sorna...
—*Pois juróo,*
Que n' has de mirar...
—*Bofellas ó juro,*
Plo santo San Joan..
—*Mentira, pois tapa*
Os ollos cas mans.
E por compracéla,
Aquel taleigan,
Tapou obedente,
Os ollos cas mans.
As zreixas a nena,
Volvía a pillar,
Apartando as follas,
C' a pequena man;
Mais, sin qu' ela o vise,
O diaño rapás,
Entrabrindo os dedos,
D' entrambas as mans,
Astuto, as furtadas,
Volvío á mirar.

Mais ela collendóo,
No furto desleal,
Lle dixo poñéndose,
Acesa ainda mais,
E linda, qu' as zreixas,
Que tiña na man;
E c' unha corraxe,
Donosa en verdá,
(Acaso deberías,
Fingido quezáis.)
—*Fáltache a palabra...*
Táte quedo, Jan;
Non... pois ten juicio;
Non has de mirar...
Mira, eso non serve,
Pois eso non val.
E toda asañada,
Baixóu do zreixal.

De graciosa estatura,
Dobrados e ben seguidos:
Ou castaños, somellantes
Ós celtas nosos antigos;
A quen as edras demostran
Amor, con abrazo amigo:
Os arrebatados ventos,
Do més bretumoso e frío,
De Janeiro, entre vos fungan,
Dando doentes suspiros:
E o musgo dos vosos gallos,
Ermos e desgornecidos,
Ó impulso das duras ráfagas,
Vai longe caer rompido.

Cuando juntos nos criámos,
Era outro tempo, e o recinto
Da vosa inda curta sombra,
N' era grande; que meniño
Daba eu tanta coma vos,
No doce prado nativo.

Por fin, na nosa velléz,
Despois do bó tempo ido,
Juntos volvémos a vérnos;
Mais con difrente destino.
Pois o embalsamado sopro,
Do temprado e novo estío,
As vosas erguidas frentes,
Volverá, doce e garrido,
Co'a verde e leda pompa,
O nobre esplendor perdido.
Mais â cabeza do bardo,
De pesar escurecido,
Co' a alegre primavera,
Non volve o verdor antigo;
Nin retorna ô corazon,
O doce amor que foi ido.»

—Así decía Lugar,
Entre mil o distinguido;
Que despois de longa ausencia,
O eido volvío nativo:
Mais con todo, anq' era forte,
O ver o seu niño antigo,
Nubróselle á frente, e os ollos
Récias vágoas lle crobiron.

38

—Un lindo zagalexo,
Prométesme, señor;
Tan lindo, que mirálo
Será unha perdición;
Algo curto, ben feito,

De roxa, leda cor,
Con gorchetes de prata,
No estreito cinturón;
Que cando os aires viren
A folla ó catasol,
Fará garridos prégues,
De min o redor.

Ese zagalexo,
Certo será bóo;
Pró non digo tanto,
Da tua intencion:

*O teu zagalexo,
Non ch' o quero, non.*

Collíome no prado,
Viña de cazador,
Mil palabras ardentes,
No oído me sopróu;
Díxome q' era linda,
C' un aire burlador,
E díxome que tiña
Corpo robusto é bóo,
Brazos firmes, redondos,
Seo comprido e mol,
¡Arrenégote demo,
Que cousas m' alí armóu!

¡Cousas que m' él dixó,
Con melosa voz!
Eu non sei que faga,
Se ch' o créa ou non.

*O teu zagalexo,
Non ch' o quero, non.*

Fúnlle pedir a vírge
Da Consolacion,
Que do peito me tire,
Sua meiga voz:
Cando m' atopo soa,
N' un sitio tentador,
Teño medo, e n' esprico
Por que turbada estou;
Fugir quero e non podo,
D' un estraño temor...

Miña Virge Santa,
Pois que tola estou,
Tírame do peito,
Esta turbacion.

*O teu zagalexo,
Non ch' o quero, non.*

39

A hora en q' a luz do luceiro,
Sobr' o cabo loce tímida;
E á negra furna piando,
Recóllense as breves pillaras;
A hora en q' o raposo vagamundo,
Sae da sua manida;
E á caza d' escarabellos,
Vai pol-a ruda marina;

A 'quela hora en q' a campana,
D' humilde porto dorida;
Ó rudo pescador que ven d' altura,
Fai decir: *Ave Maria*;

Entonces ó triste bardo,
Que soña antr' as uces hirtas,
Na gentil arpa apoyado,
En donde o vento suspira;
Entóncel-ó bardo, cal vago fantásma,
Visita a melancolía.

40

Agora, meu corazon,
Agora po-la noitiña,
Po-la miñanciña, non.

Ninguén nos póde estorbar...
Hé ben soparada e soa,
Esta gandra de Gundar.

41

Despois do duro combate,
Q' o nobre celta Folgar,
Contra do esquivo romano,
Libróu de Xallas no chan;
En que tantos esforzados,
Perdéno a luz xogoral;
No medio da esquiva gandra,
Asomellante ó estrelar,
Que s' apaga receoso,
Do monte Meda detrás;
Morría a linda Maroñas,
D' unha ferida mortal
No branco peito, cal rosa
Cortada do vento soán.

Maroñas, vírgen intrépida,
De magestüoso andar;
A cual os brandos adornos,
Desdeñóu da tenra edá;

E do escudo, e grave yelmo,
Cenguío o corpo lanzal:
E dend' os mais tenros anos,
Se compracía en dobrar
O arco, seguindo os corzos,
Da gandra no esquivo chan.

Das fillas dos nobres celtas,
A mais valente, en verdá;
Quixo éla do seu amado,
Ao lado peleár,
Sin que rogos á fixésen
Ceder, nin volver atrás.

Mil veces o curvo arco,
Brandéra con forza tal,
Que muitos a luz garrida
Do día, non víran mais;
Cando unha frecha arribando,
Unha dura frecha audaz,
Cravóuse no branco peito,
Onde amor soe aniñar;
E caío cal tenro pino,
Das uces no escuro val.

Mais antes que dése o esprito,
O arco aínda firme na man,
Esto dixo á Margaride,
Bardo da voz sin igual:

«Doce e tenro Margaride,
Do gracioso mirar;
A quen inda a dura lanza,
Non encalleció as mans;
Tan garrido e brando, como
O doce toxo molar,
Que crece na escura gandra,
No seu tempo xogoral;
Ou Margaride, a tua arpa
Héme muy doce escuitar...»

Dixo a valente Maroñas;
Con voz á do vento soan
Parecida, cando sopra
Por entr' as uces quezáis:

E isto dixo Margaride,
Bardo da voz sin igual:

«Maroñas, boa Maroñas,
Ou vírgen do seo albar,
Com' a espuma das *Basontas*,
Cando sinten tempestá;
Tan lixeira com' os corzos,
Que fóxen no carballal;
Cal pino da costa d' Ures,
D' esbelto e dereito van;

A valente antr' os valentes,
A quen ben as armas 'stán:
Teus tristes presentimentos,
He de razon olvidar;
Mais o son da miña arpa,
Se che prace, escuitarás.»

E así cantou Margaride,
Bardo da voz singular:

*«A fror garrida da gandra,
Que no doce mato está;
No seu tallo randeándose,
Ó sopro do vento soán;
Ó abrigo das hirtas uces,
Nais a sua tenra edá;
Que da tollente giada,
Acougo doce lle dan;
¡Dichos' éla, s' inda nova,
Cand' inda apuntando está
Do abrocho, unha doce causa
A corta amiga en agraz;
Antes que vellez escura,
Ou lodo a veña a manchar!...*

Dixo; e ó son das doces cordas,
Maroñas perdendo vai,
A doce cor, e quedóu
Com' apagado estrelar;
Sin luz, e descolorida,
De Xallas no esquivo chan.

E Margaride, antr' as uces,
Erguida tumba lle dá,
A modo dos nobres celtas,
C' unhas antes por sinal;
Para que fósen memoria
Doce da futura edá.

Desde entonces, ou Maroñas,
De Xallas probe lugar:
Tomáche o nome garrido,
Da valente sin rival;
Pois no teu escuro eido,
Maroñas descansa en paz.

42

Os pinos fan doce son;
N' esta doce soedade,
Apértas' o corazón.

Non te poñas a tembrar,
Meniña, non teñas medo,
Que ninguén te quer matar...

43

«Rei dos castros, castro forte,
Garrido castro Nemenzo;
O das uces montesias,
E dos carballos cerqueiros:
O da boa parecenza,
O dos altos parapetos;
Cheos de frores no vran,
E esquivas uces no inverno;
O dos fosos ben compridos.
E ben fondos e ben feitos;
Das rámpas en caracól,
E camiños encubertos;
Doce a vista desde longe,
Castro boó, castro compreto,
¡Ou castro, amigo dos celtas,
Antr' os castros o primeíro:!

Coma un celta forte e armado,
Desde longe te contemplo;
C' o teu escudo embrazado,
Con que deféndel' o peito;
Eu non sei por qué, na alma,
O que sinto non comprendo;
Cal vírgen que o seu amado,
mira c' un placer secreto.

Así a tua formosura,
Respete o futuro tempo;
E na tua nobre frente,
Consérves o nobre sello.
Q' he propio tan só dos fortes,
Q' ó tempo non se rendeno:
E seas doce lembranza,
Dos días que feneceron,
D' aqueles qué inda virán,
A povoar noso eído,
E pasado tempo antigo,
Chamarán ó noso tempo.»

Tal ó son d' arpa gemente,
Cantaba a doce *Maymendos*,
Filla do boo Contemunde,
Entre os fortes o primeiro:
Que do eido do seus mayores,
No *Támara*, estaba vendo,
O grande castro garrido,
N' un día escuro d' inverno,
En que as uces montesías,
Se domeaban co vento;
E a voz da doce meniña,
Íbase o longe perdendo...

44

Aquela miña leda compañeira,
Presurosa e lanzal;
Aquela doce meiga,
Graciosa e sin par;
Que sempre me seguía,
PoI' agreste soedá;
Que s'eu corría, corría;
S'eu paraba d'andar,
Tamen ela paraba
O seu paso fugaz:
A roupa curta e leda,
Das cores da miñan;
C'unhas alas garridas,
Com'a fada *Baltar*;
Unhas leves sandálias
Nos pés, q' envidia dán
A neve, c' unhas cintas
Que desde o calcañal,
As pernas, com' a Dáfne, lle tecían,
Con gracia singular:
Todo leve, impalpabre,
Para millor andar...

Pl' a sua donosura,
Conocél-a quezáis?
Víchela por acaso,
Presurosa cruzar,
Por antr' as vosas uces,
Ou, *brañas d' Armeár...?*

45

?Boandanza, saúde,
Raza de *Breogán*;
Teus groriosos destinos,
Certo he doce agoirar:
Raza nobre, anque ruda,
Forte no soportar;
A de boa estatura,
E de corpo lanzal:
Asomellante ôs pinos,
Ben compridos que están, Sobr' a materna, rápida pendente, Do monte de *Brumar*.
Raza, q' antigamente,
Ben soía levar,
A brillante armadura,
De fúlgido metal;
E o arco curvo é forte,
Muy récio de dobrar;
E o casco que ceibaba
Un resprandor igual,
A aquel que ceiba trás do escuro monte,
A estrela da miñan. Antr' as espesas brétomas
Do tempo que foi já;
E nos días dichosos
Q' inda ó mundo virán;

Oh! cantas cousas nobres
Vexo, que comprirá,
A estirpe generosa
Que no céltico chan,
Fende o molente seo
Da boa terra natal;
E aquela q' emigrante,
Deixa o nativo clan;
Como soen as píl-laras
Do noso litoral,
Garridas vagamundas,
Cando en bandadas van,
Rasando as ledas prayas,
Con presuroso afán;
En tecidas compañías sonoras,
Virándose ô voár.Os teus fillos sin conto,
Certo en número igual
As aréas da ruda
Praya de *Barrañan*;
Que dispersos povóan,
Con forte vaguéar,
A espaciosa *Colómbia*,
A da forma longal,
Que sobérbia s' estende
De un a outro mar,
Coma inmensa baléa,
De corpo colosal,
Que despois de naufragio,
Sobre da praya está;
Desde os salvages *toldos*,
De mudáb-re acampar;
Hastra os ingentes cornos
Do rápido Uruguay;
Desde a illa q' hé erma
E nota as pé-las fan;
Hastra o frío *gandreiro*,
Onde os Andes sôn 'star,
Como negros ferreiros,
Q' en fera rolda están;
E cos rudos martelos,
O val fan resoar;
Forxando nas suas negras e altas covas,
O precioso metal;
O lazo récio e forte
E garrido serán,
Q' os fillos reconcílien,
C' antiga e comun nai;
E os bós povos ibéricos
Dispersos, juntarán.Cal vario e radioso,
De monte a monte está,
O ledo e curvo iris,
Sobre de verde val;
E seus formosos cornos,
Soe ufano amostar,
Aos fillos da terra,
Profético sinal;
Tal tí, nobre e comprida,

Boa raza lanzal,
Nos dias da futura,
Boa idade serás,
Atamento garrido,
Forte nóo sin rival,
Ponte de ledos arcos,
Q' he doce contemprar;
E os bós fillos do *Luso*,
E os fortes hirmans,
N' un só nóo, fortemente,
Os dous constringirás;
iTal he a somellanza sonora
Do garrido falar!
Sí... dos fillos do *Luso*,
Q' apartados están,
Por real estulticia
Da groriosa nai;
O pastor, bóo e forte,
A lgun dia serás,
Q' a tribu vagorosa,
Ao deixado clan,
O descarriado gando,
Q' agora errando está,
Ao redil antigo,
Gloriosa volverás.

E aquela nobre pléyade,
De fortes no loitar,
Q' a constancia heredaran,
Dos bóos e fortes páis;
E nos férreos propósitos,
Non consenten rival:
Que levan no sembrante,
A palidéz lanzal,
Do turbulento insómnio,
E do rudo pensar:
Soldados valerosos,
D' afanoso ideal,
Somellantes á aqueles
Que con ousado afan,
Na ruda *Zernagora*,
De fortes, forte náí,
Amostrar fan as presurosas prantas,
A caterva d' Agar. Estes a terra verde,
Do olvido tirarán;
E os cativos ultráges
Do estraño desleal;
C' o garrido instrumento,
Q' he nobre gobernar,
(Quezáis antigo adorno
D' algun cisne lanzal)
A prevencion ignava,
A estulticia cervical,
E as palabras de ferro injuriosas
Da pátria, vingarán.

Oh! canta luz eu vexo,
Que na futura edá,
Da tua frente sáe,
Gente de *Breogán!*
Como sóe antr' as brétomas,
A luz do cabo Ougal,
Que cos seus longos cornos,
Centelleando está:
E ós ousados e vagos navegantes,

He seguro sinal!**46**
Cando te vexo m' acordo,
De quen non podo olvidar;
Ou figueiredo de Mórdomo,
De Mórdomo, ou figueiral:
A tua garrida sombra,
Aló no medio do vran,
Vista de longe, parece
Que dá frescura e zolás.

Debaixo das tuas follas,
Hai un garrido areal,
C'unhas aréas tan brancas,
Que vên da veira do mar;
Q'a quen te mira, convidan
Ó sono... e outras cousas mais.

Reina dentro do teu sêo,
Silencio tan xogoral,
Que tan sóo de cando en cando,
S' oi o garrido compás,
Das tuas follas compridas,
Ca doce brisa do mar;
Ou o pio, se s' ofrece,
D' un paxariño quezáis,

O cansado camiñante,
Que vai co calor do vrán,
Ó verte de lonxe, dí:
?De Mórdomo o figueiral.
E pasa adiante, ben triste,
Porque non pode parar.

Non, non hé na sua casa,
Nin á vista de seus páis,
Onde se buscan as nenas,
Para con elas falar;
Mais debaixo das tuas follas,
Onde testigos non hai:
Ou figueiredo de Mórdomo,
*De Mórdomo, ou figueiral!***47**
Pilléina antr' os pinos soa,
Alba de medo tornóu;
Quixo fugir, mais non podo,
(Que sabe que peixe eu son.)

Rogárame de rodillas,
De rodillas me rogóu;
Tembróu como á vara verde,
Q' estremece a virazon.

Cal quen teme ser oída,
Dixo: *?Pídocho por Dios...!*

?Estás fresca! lle contesto,
Vénte á min con oracions:

*Non solta nunca o raposo,
A galiña que pillóu;
Hastra zugárlle o mel todo,
Non solta a fror o abellon;
Nin á branca e doce pomba,
Larga o montesío azor.*

48

Cal soe arboladura,
De nave poderosa,
Facer negro valume,
Sobre as tendidas olas;
E' do vasto cruzámen,
Fai orgullosa mostra,
Co laberinto ousado,
Das atesadas cordas;
Onde os aires pasantes arráncan,
Enérgicas notas:

Tal á alma do bardo,
Hé soberbia e grandiosa;
Tal na máquina ousada,
Todas cousas resóan;
Deixando mil suspiros,
En mil salvages notas;
¡Quen pode as rapsódias decir do sobérbio

Poéma q' entóan!**49**

Gandra esquiva de Moureda; ¡Quen poidér' antr' as tuas hirtas uces, Falar a soas con ela!**50**

O escuro Brandoñas,
E o roxo Porcar,
Dous fillos dos celtas,
D' edá tenra e igual,
Na lanza apoyados,
Cal dous avelans,
Q' están incrinados,
Do vento quezáis,
Con vágoas quentes dos ollos falaban,
Da doce *Baltar*.

?Cal vara garrida,
Aínda noval,
Dereita e follosa,
Que soe tembrar,
C' un ventete máino,
No tempo do vrán,

A sombra da fraga
Nativa sua nai;
Tal era a maneira graciosa e molente,
Da doce *Baltar*. O vento q' asopra
C' a fresca miñan,
Leváball' as faldras,
C' un ledó compás:
Cand' ela corría,
De Xallas no chan,
Seguindo dos corzos,
O paso fugaz,
Decían as uces: *?ÍOs pasos gratiosos,*
Da doce Baltar!...51
Fada garrida de leves alas, Que leda voas,
No doce abril;
Rompendo a brétoma,
Con lindas galas, Desconocida, presta e gentil: Fada q' as veces,
No espacío culto, Dos pátrios agros costumadas voar; E as veces no aire,
Do monte inculto, Te soes sin trazas evaporar:

Das tuas alas o doce ruído,
E dos teus pasos,
O grato son;
Que n' o percibe o atento oído, Mais que só o sente,
O corazón: Oín mil veces na miña infancia, Nos pátrios montes,
Da verde *Erín*;
Sentín tua engebre,
Doce fragancia, Cando pasabas por junta min. Non te conozo;
Nin sei a donde, Ou vas ou tornas, nin por qué lei; Nin sei se antes,
Nin como ou onde, Nin en q' antigo tempo t' hachéi.

Se fui na gandra de Carboeiro, Nos verdes d' Oca,
Ou de Buxán; Se nas alturas de Portoméiro, Se nas areas
De Barrañán. N' os verdexantes cómaros do Esto, No val de Brántuas,
Ou d' Angeriz; Ou nas pendentas
De Corcoésto, Ou sobr' o cume do Gomariz. Se dos curutos,
Na vaga bruma,
De prado verde na branda cor;
De negro baixo,
Na branca espuma,
De casta estrela no resprandor. Nas negras copas armoniosas, Dos altos pinos,
Q' hai en Cartel; Se fui nas gandra espaciaosas, Nas correduiras
De Recemel.

Non sei... mais levo tua doce historia; Non sei tampouco,
Quen m' a insinóu;
Nin sei de certo,
Porq' a memoria, Doces lembranzas de ti gardóu. Quezáis celeste
Reminiscencia,
És d' outra vida que paséi já;
Quezáis presagio,
D' outra existencia
Misteriosa q' inda virá.
Vírgen dos celtas d' amigos astros, Dos nobres celtas,
Fortes e bóos; Quezáis habitas nos verdes castros,

Genio dos nosos
Grandes avóos.
E pois no cárzle q' ó home encerra, Pracer non hacha,
Trégua ou solaz;
Detén un pouco, Na escura terra, O teu gracioso paso fugaz.

E m' apreixando,
Dos teus garridos,
Graciosos velos de ledó tul, Nos perderémos,
Do van collidos,

Dos pátrios ceos no brando azul. **52**

Eu sei donde moran,
Eu sei donde están;
As vira de longe,
Seu golfo ó cruzar.
O corpo ostentaban,
De roxo coral,
As testas d' anácre,
Lostregando están;
Os lábios ardentes d' espléndido lázuli,
Q' encanta ó mirar.
Estaban sentadas,
Con gran magestá;
En tronos de pérlas,
Cal reinas do mar.

Miréinas, miránome,
Con máxico afan, C' unha forte, pungente mirada, Color verdemar:
Oh Dios, que decírme

Seus ollos querrán!... **53**

Abonda já d' oracion...
Porque de min non te libran,

Nin Dios nin o demo, non. **54**

Eu sei donde móran,
Eu sei donde están;
Ó sesgo das augas,
As vin fulgurar.

Conozo o seu golfo,
Sua sirte natal;
Aló nos profundos,
Abismos do mar.

Mui bellas, mui grandes,
De tamaño igual; Das testas ceibando mil íris sobérbios, Color verdemar. Eu sei donde móran,
Eu sei donde están.

Iréi en leve góndola,
Con amoroso afan;
Rastrearéi con redes,
Sua praya maternal:
E s' inda así non podó,
Meu deseo alcanzar,
Improvisado buzo,
Novo tritón audaz,

Penso ó fondo Oceáno,
Seu tesouro arrancar.

Se na luita sucumbo,
A miña insánia intrépida escusá.**55**
San Pedro de Brandomil,
Na probe terra de Xallas,
Canto hai que non te vin!**56**

Carballos de *Carballido*,
Cand' era rapaz deixéivos;
Vin despois de moitos anos;
Já vámos vellos.

Pasáronse as alegrías,
Que trouguéira o tempo ledó;
A moxedá fui pasada;
Já vámos vellos.

Eu teño os cabelos brancos,
Vos téndel' os gallos secos;
Os nosos días pasáno;
Já vámos vellos.

57

Da alma n' o fondo,
Eu levo unhas cordas,
Que á cada momento,
Soando están soas:
S' estou vigilando,
Ocúpanme as horas;
S' en prácido sono,
Os membros repóusan,
Agítanse insómnes,
Já doces, já roucas.
En vano febrénto,
Nas luitas recónditas,
O ánimo ousado,
En vano s' esforza;
Por domar o tumulto sublime,
As férvidas notas,
Soberbias, agrestes,
Salvages, grandiosas;
Que ¡ay! n' o profundo
Dos bardos repousan;
¡Cal repousan as chispas que dórmen,

Nas altas curotas!**58**
Cando jázan do cisne,
Os febreiros despoixos, Sobre do verde da ribeira escura,
E já non s' ouza ó canto armonioso;
Dádelle sepultura, No promontorio aquel areoso e vougo,
Onde ó Anllons, ó seu nativo río, (Qu' él mais amóu de todos) D' a peregrinación antiga sua,
E do longo traballo hacha repouso.

Que diga ó mariñeiro,
Rudo fillo do Osmo,

Ó entrar pol-a *Barra*,
Volvendo o escuro rostro:
?Alí jáz o que fóra,

*N' outro tempo cantor do eido noso.***59**

Sobr' o gallo do pino,
Sin cuidar do destino,O azor co fero grito o aire inunda;
E fatigado da diuturna rázzia,
Descansa da sua vida vagamunda.Pasado o tempo ledo,
Baixo o rudo penedo,O lagarto descansa debuxado;
E da necesidá dura e pungente,
S' esquece, e do traballo já pasado.

Tódol-os feros brutos,
Escamosos e hirsutos,
Féital-as cruas, sanguinosas probas,
Hachan repouso nas profundas augas,
Descanso atopan nas salvages covas.Mais do *genio* mudabre,
O ánimo indomabre,
N' hacha descanso, non;
¡Quezáis s' agita n' él o espírito insómne,

Do ángel da primeira rebelion!**60**

Ou da terra de Xallas, feros corvos,Que vagantes andás;
Sin pensar no destino,

Sin hoxe nin manan;¡Quen poidera ser voso compañeiro,Pol' agreste soedá!**61**

Monte-Branco, Monte-Branco,
Cando te vexo de longe,
Verto a soas triste pranto.

Pois as nosas alegrías,
Ós dous nos fóno fallando;
A tí, das tuas aréas,
Os ventos te despoixáno;
A min, tamen me fallecen,
Aqueles gustos pasados:
Tí negréas, y eu teño a cabeza

Chéa de cabelos brancos!**62**

Feros corvos de Xallas,
Que vagantes andás;
En salvage compañía,

Sin hoxe nin mañan;¡Quen poidera ser voso compañeiro,Pol-a gándra longal!

Algo de vago e fero,
Do meu ser no profundo
Eu levo, com' as brétomas
Dos curutos escuros;
E unha ruda e salvage
Incrinacion dos seres vagamundos.

Algo do rudo vento
Q' azouta o cabo Ougal;
Do salvage miñato,Que leva o vento soán;
E con nobre ufanía,O esquivo mato registrando vai!Algo das vagas brétomas,
Algo das uces altas,
Algo dos libres corzos,

E das feras bandadas
Dos corvos vagamundos, Ques' espallan de XáIIas poI-as gandra. **63**
Das quentes prayas,
E non jocundas,
Cal sempre sóen,
Retornarán,
As leves e graciosas vagamundas,
E poI-o bardo,
Preguntarán.

E en torno ó fórmide,
Vougo e pendente,
Índo e volvendo,
Voltas darán;
E cal quen doces
Suidades sente,
Do instrumento nos formosos cornos,
Se pousarán.

64

Oh tí, radioso e forte,
Ser oculto e inmortal,
Que déches són ós pinos,
E cores a miñan;
E ós ligeiros ventos,
O seu vário roldar;
Que consoláche o mísero,
No inmundo muladar; A quen já duramente aconselláran, Elipház e Baldad. E pois hé meu traballo,
Non poder olvidar...
Nunha cousa convêrteme, Insensibre e cerval;
Convêrteme n' un rudo
Facho, por piédá...
Bárreme da memoria,
Este soñar audaz,
Arráncame da alma O imaginar lanzal;
Fúndeme cal penedo,
No profundo do mar;
Lévame nas ardentes
Alas d' un huracán...
Cal arésta que leva
O rudo vendabal...
Cal luceiro apagado,
Que cruza a inmensidá...
Longe, mui longe d' esta praya, donde
Non poida recordar!... **65**
Canta, bergantiñan, canta,
Q'o véspero apareció;
E dudoso centelléa,
Por antr'os dereitos pinos;
Eó costumado facho,
Retíranse os mazaricos;
Canta, canta, ó son do carro,

Pr' antr'os calados e altivos: ¡Eu non sei que suidades estrañas, Padezo cando te sinto! **66**

Cal o fulgente *Sírius*,
Radioso e inmortal;
N' unha noite profunda,
Centelleando está;
Y he maravilla e pásmo,
De quen o contemplar: Tal do meu ser no fondo,
Levo unha luz lanzal;
Que d' un orígen grande,
Me dice que fun já;
E m' obriga e espolea,
A fantasía audaz,
En pos do grande e ignoto,
Por unha lei fatal;
E c' unha forza ingente,
Me compele a cantar, Dos fillos do deserto,
O glorioso afan;
E os ibéricos peitos esforzados,
Que con fe sin rival,
Do Océano os campos espaciosos,
Ousáran libertar.

67

Non cantes tan tristemente,
Probe e desolada nai;
Non lle cantes cantos brandos,
Pr' adormecer o rapaz;
Onde 'stá a cova do sono,
No céltico carballal;
Cántalle cantos ousados,
Q' esforzado o peito fán;
Cántalle o que já cantára,
O nobre bardo Gundar:
A luz virá para a caduca Ibéria,

Dos fillos de Breogán!... 68

Cal o ángel rebelde,
Q' audaz atravesando,
Con poderosas alas,
O cego, antigo caos;
Asomellante a un Ieño,
De grande porte, ousado,
Q' en busca d' outros climas,
O mar anda cortando:
Q' unhas veces dudoso,
Sobre os audaces pasos
Volvéira, e outras veces
Sin vacilar voando, Por arribar a bella luz perdida,
O abismo espanta co audaz traballo: Tal por erguér o feito,
D' aqueles celebrados,
Q' o ignoto redimíran,
Coas ardidadas náos; As sublimadas rutas,
Anduvéira tentando,
C' unha nobre ousadía,
O ánimo esforzado!

69

Non en presentes
Cousas pensando,
Ó doce eido,
Quezáis irán;
E o lar escuro,
Vougo mirando,
PoI-o bardo dos servos e ilotas, Preguntarán. Da *Barra* as brisas,
Que no pendido,
Deixado fórmide,
Repousarán;
Con un profundo,
Longo gemido,
Suspirando nas cordas de ferro,
Responderán. **70**
As almas escravas,
D' ideas non grandes,
Van pensando mil cousas femíneas,
Molentes e infámes.

Mil soños forjando,
Q' o ánimo agobian;
Arrastrando infamantes cadéas,
Cal brandos ilótas.

Espíritos brandos,
Espíritos muliebres;
Sedentários, que lenta consóme,
E mórbida frebe. Mais á alma do bardo,
Enérgica, ousada,
Q' audaz libertade,
Tan sóo soña e ama; Vai pensando en propósitos férreos,
Q' erguéran a pátria!

71

Sin caber nos peléxos,
Muy cheo de sí mesmo,
Pasára, e con fachenda,
Miroume e fúise rindo.

E para o seu chaleque,
Eu sei q' o mui ladino,
Chéo d' un extro homérico,
Iba pra sí decindo:
*?Certo est' hé dos pequenos,
Bafúas e catívos; E com' os poucos que no mun do somos,
Non era dos distintos.*

Mentres eu con espanto,
Pr' o meu capote digo:
*?Certo est' home hé dos grandes,
Q' atopa o mundo exíguo;
S' he certo que transmígra,
No mundo o noso espírito,
Debe de ser o mesmo Epaminondas,*

Ou o forte Anaxíbios. **72**

Fóra abondo co oprobio pasado, D' un brando servir; Madre escura d' escuros ilotas, Mesénia infeliz. A Pitia convulsa,
Dixéra de ti;
O oráculo dixo:
?Quén serve, ese hé vil.
Ser forte ou escravo,
Morrer ou vivir; Cingue o peito d' esforzo e de ferro, 'Spartáco ch' o dí; Esnáca na frente de quen ch' o lanzára, O estígma servil! **73**

Coroados de froes,
En alegre banquete; Sobre do verde cómaro da vida,
O corpo recrinado brandamente; Fácil hé ser magnánimos,
E amistá prometerse;
Pero cando a fortuna,
Que constancia non teve,
Cas usadas promesas,
Injusta nos fallece;
Entonces os convivas,
Que boas leis non reteñen,
Pol-o pracer afeminado e brando,
Unidos tan samente;
Já concluído o báquico alborozo,
E canzions alegres,
E vacías as copas,
Do seu licor fervente;
Entregar soen o cobarde olvido,
O q' a língua femínea promete.
O caso está na ruda
Adversidade urgente;
Diante da dura proba,
Mostrar o peito engebre;
E sustentar magnánimos,
Nosos ideal ardente.

Sóo nos traballos duros,
Q' o ánimo ennobrecen,
Sábese canto valen,
Aqueles que reteñen,
As leis do honor difizle,
No momento solemne:
Non coroados de süaves froes,
En alegre banquete;
*iO peligro afrontando e o duro ferro,
Así hé, así hé como se vence!*

Aguárdovos na esquiva e dura proba;
Quezaís en tempo breve;
Non cenguidos de froes,
En alegre banquete;
Mais nos duros traballos,
Q' o ánimo ennobrecen;
Ante o transfúgio infame,
Q' o honor compromete;
*iO peligro afrontando e o duro ferro,
Así hé, así hé como se vence!*

Cal caéra o radiante, (1)
 E valeroso fillo de Panthóo;
 Cos soberbios argívos,
 En ousada tenzon;
 (En donde o craro Símois,
 Corre, nobre e veloz,
 A parte en que natura,
 Primeiro o obrigóu)
 Na sua pompa garrida,
 Envolto como un Dios;
 E resoáran as brillantes armas,
 Con temeroso son;
 E morrendo, de sí rastro sublime, O famoso deixou: Tal no rudo combate,
 Andrés, lanzal e bóo,
 Asomellante ó forte,
 Q' honrará o genitor,
 Caéches, o sembrante
 Non volto á terra, non;
 Mais a donde sublime,
 Natura o levantóu;
 Na man ind' apreixando, O ferro brillador;
 O comprido despoxo opáco e escuro,
 Mais o teu nome, non.

(1) A Andrés Muruáis.

75

A vontade homérica, (1)
 E propósitos férreos,
 De facer bós é libres,
 Os españoles peitos;
 Dos novos ideáles,
 O nobre é forte empeño;
 Non se compren somente,
 Nos límites estréitos,
 Da pátria desmedrada,
 Po-los antigos erros; *Nin deben, non, morrer escuramente,*
Nos já minguados e cativos eidos. Mais ajudando aqueles,
 Do futuro sedentos;
 Q' o ideal, á raza, Levan nos fortes peitos;
 É con nosoutros parten,
 Os bós campos ibéricos,
 E nos son somellantes,
 No sonoro acento,
 É no bogar lexano,
 É nos groriosos feitos; *¡Quebrantémos da serva Lusitânia,*
Tamen os duros e oprobiosos ferros! Nos esquivos combátes,
 É nos fortes empeños,
 Q' hai que ter po-los nobres
 Ideales ibéricos,
 Non detéñal' a pranta,
 Nos límites estreitos,
 Non sigas os hispánicos
 Políticos pigméos;
 Non olvides ioh forte!
 Os galáicos intentos;

jQuebrantémos da serva Lusitânia,
Tamen os duros e oprobiosos ferros!(1) A Carvajal. 76

Cando os duros machádos,
Feren os altos pinos;
E cáen con estrondo,
No chan de Bergantiños;
Non cáen, non, en vano,
Cal gigantes erguidos;
Sin gloria, e sin renóme,
Non seus eidos bravíos:

Mais ó caér, ceibando,
Os ulidores piños,
S' espallan na debesa,
Po-Io mato nativo;
E da semente s' érguen.
Descendentes altivos.

Así, cando caéran,
Aqueles destemidos;
De nobres ideáles,
Os bóos peitos enchidos:
Non caéran en vano,
En oprobioso olvido;
Coma o vulgo dos homes,
N' escuridade estintos.

Mais o chan empapando,
Do sangue escrarecido,
Os campos de *Suévia*,
Dos celtas nobre asilo;
Non cedéran a morte,
E deixáran altivos,
Perdurabre semente,
De vingadores fillos.

Déspotas insensátos,
Forxá, forxáde grillos;
Pode oprimir ó ferro,
Un corpo enfraquecido;
Mais as nobres idéas,

E gloriosos instintos...Eses... non pode, non, o duro ferro,Nin a morte, extingúilos!77

Quen brando vegéta, (1)
En ócio agradabre,
No seo da escura,
Nativa ciudade;
E á mente envilece,
Con causas non graves;
E vida molente,
E lánquida trágue;
Botándose ó colo,
Míl lazos amantes;
Non séi que d' imbele,
D'escravo e d' infame,
Despede dos membros,
Molentes e suaves:

Que doce sorrindo,
Quen preto d' él pase,
Dirá: *?Certo est' home,*
Non pensa ou combáte;
Nin leva grabado,
Na testa radiante, Cal surco do rayo na cima d' un facho, O sello dos grandes.

Mais, cal meteóro,
S'acerta que pase,
Un home com' este,
Formoso é trunfante;
Q'ostenta na testa,
O surco que ábren,
Os grandes insómnios,
Propósitos grandes;
Os rudos empeños,
Do grego Canáris;
Os sonhos ousados,
E bóos ideales,
De Párnell e Ocónnell,
E Marco Botzáris;
Entonces o home,
Q' o lado seu pase,
Dirá, con acento,
De quen pensar sabe:
?Certo, este hé dos fortes,
Que nobres combáten;
E leva grabado,
Na testa radiante,
Cal fero lostrégo, grandioso e sublime,
O sello dos grandes.

Non déixes, oh forte,
No rudo combáte,
O povo que luita,
Plos seus ideáles;
Q'a boa *Zernagora,*
Hirmans seus nos chame;
E jefe dos fortes,
Os fortes t' acrámen;
Q'a libre *Boyana,*
De nos ouza e fale;
E digan os *castros,*
E digan os vales,
E os pinos de Suevia,
Q'os céfiros branden:
?Certo, este hé dos fortes,
Que nobres combáten;
E leva grabado,
Na testa radiante,
Cal fero lostrégo, grandioso e sublime,
O sello dos grandes.

78

A língua tivéran,
Por língua d' escravos;
Esquecéran os pátrios acentos,
Suidosos e brandos.

Dos propios acentos,
Tivéran vergonza;
De cautivos faláran palabras,
De sérvos e ilotas.

Deixáran os doces
Acentos jocundos,
Por estrañas palabras de sérvos,
Ignáros e escuros.
A nai afrigida,
Da escura miséria,
Os propios tomára,
Por gente estrangeira;
E espantada escuitára dos fillos,
A plática serva.

79

«E tí, campana d' Anllons,
Que vagamente tocando,
Derramas nos corazons,
Un bálsamo triste e brando,
De pasadas ilusiós.

Alá nos pasados ventos,
Primeiros da miña vida,
Oyo os teus vagos concentos,
Reló dos tristes momentos,
Da miña pátria querida.

iCántas veces te lembróu,
O que marchóu para a guerra,
Cando á súa nai deixóu;
E partindo á estraña terra,
De *Baneira* t' escuitóu!

iCántas do mar africano,
Cautívo *bergantiñan*;
Oío n' hun soño tirano,
O teu tocar soberano,
Aló nas tardes do vran!

Cando te sinto tocar,
Campana d' Anllons doente,
N' unha noite de lunar.....
Rompo triste a suspirar,
Por cousas d' un mal ausente.

Cando doída tocabas,
PoI-as tardes á oracion,
Campana, sempre falabas,
Palabras con que cortabas,
As cordas do corazon.

Estabas contando ós ventos,
Cousas do meu mal presente;
Os meus futuros tormentos,
Que dabas con sentimentos,
Segun tocabas doente.

Campana, se pol-o vrán,
Ves lumiar na *Ponte-Ceso*,
A cachéla de San Joan;
Dílle a todos que estou preso,
Nos calabozos d'Orán.

E a aquela rula inocente,
Que me morría d' amor,
No regazo docemente,
Tembrando com' unha fror,
Sobre escondida corrente;

Diráslle, que unha de ferro,
Arrastro, rouca cadéa,
Castigo atroz do meu erro;
E que dentro d' este encerro,
O seu amor me aluméa.

E tí, golondrina errante,
Dos longos campos d' Argel;
S' a miña terra distante,
Te leva o voxo constante,
Dílle o meu penar cruel.

S' alguén por min preguntar,
Dille que estou en prisións;
E unha noite de lunar,
Iráste unha vés pousar,
No campanario d' Anllons.»

Así triste en terra alléa,
Aló nas prisiones d' Orán,
Cantaba un mozo d' aldéa;
E nos grillons da cadéa,
Levaba ó compás ca man.

«Oh nai da miña vida,
Adios, adios, meu pai;
Prenda de min querida,
Adios, oh miña nai:
Sombras dos meus avós,
Río da *Ponte-Ceso*,
Pinal de *Tella* espeso,....
Acordávós d' hun preso,
Como él o fai de vós:

Campana de Anllons,
Noites de lunar,
Luna que te pós,
Detrás do pinar;
Adios.....
Adioos.....
Adiooos.....»

80

Muy blancas, muy blancas,
Muy blancas están;
Con esa brancura,
Q' o retiro dá;
Q' o insómnia produce,
Ou o rezo quezáis.
Muy negros, muy negros,
Cal negro pesar,
Están seus vestidos,
Seus velos están.
Mais, aunque son negros,
Seus velos asáz,
Suas almas son blancas,
Cal fror d' azahar.
Y he tal sua pureza,
Sua brancura tal,
Q' a neve excreamára:
?Non teñen rival!

81

?«*Virgen válme!* Un cadávre!
Neste oscuro camiño;
Ó pé desta debesa,
De vellos e altos pinos;
Que levados e penzos,
De tollente corisco,
Dan, refregando as polas,
Medrosos estalidos:
Cal se fósen de meigas,
Ou penados espíritos,
A quen non apoubíguen temerosas,
As oracions dos vivos.

Que triste soedade!
Que sitio tan esquivo,
¡Que sombriza pranura,
Que toxáles tan hirtos;
Que terráxe de lobos,
Famentos e malinos!
Nesta gandra agoreira,
Sente ó corazón frío;
E eses corvos que bérran,
Mesmo tóllen o espírito...

jQue riguroso e escuro desamparo,
D' un ser humano extinto...!

Recémos po-la alma
D' este, que peegrino
Foi un dia da terra,
E á doce luz perdío:
Quezáis foi home bóo,
No mundano camiño;Quezáis fói un ladron ousado e vago,Quezáis un asesino...

Mais eu non sei que vexo,
Neste corpo comprido;
Nestes membros fidalgos,
Nest' hábito distinto;
Non, non foi este home,
En baixeza nacido...
Neste despoxo escuro,
Algo d' insigne eu miro;
Nél vexo, un non sei qué,
De grande e de divino;
Cal astro que tuvéra antigamente,
Un resprandor altivo;
Algo de somellante n' él contempro,
A un luceiro extinguido...»

Esto ó pasar oíra,
A boa *Bergantiños*;
Fada gentil, garrida,
Dos pasos fugitivos;
Q' en voar se comprace,
Sobre dos verdes trigos;
Que de ll' abrir volvía
Ós aires matutinos,
A porta da alta cova,
Cos seus dedos garridos;
Dos aires, con que soan,
Tan ben os altos pinos!
E con un triste acento,
Süave e parecido,
Ó que ergue antr' as uces,
Rústico peegrino,
Un agoeiro verde,
N' un sitio montesío;Cando gemendo sai da sua furoca,A o noto destino,Encantando co son ó caminante,
Estas palabras dixo:«*Este q' aquí contempras,*
Ós corvos ofrecido,
Non fói, non, vagamundo,
Nin vulgar asesino;
Por mais que a intonsa barba,
E o ademan esquivo,
Amostren a rudeza
Do seu longo camiño;
Mais un bardo á quen déra,
A pátria trato indino;
E a quen os propios seus,
Deran duro martirio;
Escuros ignorantes,
Da luz d' este divino.»

*Certo non lle cenguíran,
Rosas nin brandos lirios;
Mais punzante coróa,
Só de feros espiños.
Así tratan os povos,
En baixeza sumidos,
Cando rudos ignoran,
Os seus grandes destinos,
A aqueles que lle insinan esforzados,
Os grroriosos camiños.*

*Non, non tolléra o ferro,
A este peregrino;
Mais as crúas triganzas,
De que fora nutrido;
Cando peregrinára,
Po-lo astro mesquiño.
Raza escura galáica,
De rústicos instintos;
Que injusta sacríficas,
Os teus millores fillos;
Madrasta desleirada,
De desígnios cativos;
Progénie ignava e inculta,
Q' aborréces teus ínclitos;
Da polvorosa gleba,
Povo tan so engreido;
E ás cousas incrinado,
Dos escuros sentidos;
Ay de tí, dura raza,
De proceder esquivo;
Ay de tí, que así tratas,
Teus profetas divínos...!
A quen tí, nécia, debes,
Sair d' oscuro olvido,
Dura raza, senon á estes videntes,*

Nobres e peregrinos? **82**

Non samente do promo asoviante,O home he interfecto;Nin samente do arco caribe,O dardo gemendo
Arriba, e o curare
Derrama no peito.

Cantas veces dos homes aléves,
No trato non recto,
As risas cuidando,
Presentes ingénuos;
Unha dobre palabra ceibada,
Con pérfido intento,
Nos pasa de súbito,
Cal folla de ferro,
Que fora temprada,
Nas augas do inferno!

83

Com' aquel qua já fora,
Espanto de Oriente;
De quen Sion ruinosa,

Parece q' inda teme;
Présago do terrible,
Escuro soño leve;
Q' andivéra espantando,
Mesmo as aves agrestes,
En bruto convertido,
Pacendo ó campo verde;
E dixéran os montes:Hé este aquel luceiro refulgente?

Tal do meu triste estado,
De noncuranza célebre;
Ó vérme roto, escuro,
Por gloriosa frebe,
Estantío, insensibre,
Como penedo ingente,
Cal solitario facho,
Cal baixo de Camelle;
Do meu caso espantadas,
Escramáran as gentes:
?Uns ousados e nobres pensamentos,
Canto poidéran n' este!**84**
Topánome medio morto,
Con unha crua ferida,
No esquerdo costado, mortal e profunda,Pr' onde inda o folgo respira.
Preguntáranm' os pasantes,
Q' iban pl' a deserta vía;
Preguntáranme quen fóra,
O crudo que me fería.

Eu contestéi sin alento,
Como quen lle foge a vida:
?Señores, quen me matóu,
Fui unha fror de Muías.
?Stá tolo, se dixéno,
Este prob' home delira;
As frores teñen puñales,
Pra poder tirál-a vida?
E deixánome alí sóo,
Na miña triste agonía.

?Civiles, non' a prendádes,
Porque estonces perdo a vida;
Se prendédes esa fror,
Cortades á vida miña;
Para as vosas duras cordas,
Ten as lindas mans muy finas;
Q' a doce e garrida q' a morte me déra,

He causa da miña vida!**85**
Soñando está o bardo,
C' un vago soñar;
A veira do facho,
Que vértigo dá;
Que s' ergue sublime,
Por cima do mar;
E os baixos contemptra,
Que rompendo están.

E vénll' a memoria,
Con máxico afan,
A brancura das faldras garridas,
Da doce Rentar...

E triste e pensoso,
Suspira quezáis...

86

Cando sóo me miráno,
Absorto, indiferente,
Coma quen non se cuide,
Do q' a todos empece;
Distraído, estantío,
Coma do mundo ausente;
Mais, en cousas pensando,
Fermosas e non leves;
E buscar coma onágro salvaxe,
Os parages agrestes;

*?Probe!, decían pasando,
As hipócritas gentes;
Nacéra vagamundo,
Perdio á luz da mente:
Certo a nai magoada,
Compadecérse debe,
Que nas suas illárgas,
Trougo un fillo com' este: ¡Millor fora que morto nacéra,
Que non que fóra imbécil!*

87

Silvasmouras, silvasmouras,
Que nas fondas corredoiras,
Star soés de Bergantiños,
Dependuradas e escuras:
Non me mirés con espanto,
Nin vos fagádes preguntas;
O combate fora rudo,
Fóran as tristezas muitas: Non fóran deshonras, non fóran opróbios, *Fóran cousas da ventura.*

Se já non me conocédes,
Certo non vos poño culpa;
Os camiños fono longos,
A tormenta fóra crua,
As esperanzas non certas,
E as decepcions seguras;
Os insómnios fono grandes,
Homérica e fera a luita: Non son vagamundo, non son un bandido, *Fóran cousas da ventura.*

Non vos espantés se teño,
Alba a cor, a frente escura,
Longa a barba e non cuidada,

Cal quen de sí non se cuida;
Non fugíra d' un presidio,
Cadéa infamante e dura;
Non' stóu tolo, non' stóu tolo,
Nin son ladron, q' a espesura
Auda buscando dos bosques,
E esquividade segura; Non son vagamundo, non son un bandido, *Fóran cousas da ventura*. Pasárase o tempo
ledo,

Das infantiles dozuras,
Cando juntos nos criámos,
Nas nativas correduiras:
Non me mirés con espanto,
Nin vos fagádes preguntas;
Fóran moitos os traballos,
Fóran as tristezas moitas;
A escoria do duro ferro,
Sai do lume fea e escura: Non fóran deshonoras, non fóran opróbios, *Fóran cousas da ventura*.

Silvasmouras, silvasmouras;
Da grande ruína escura,
Certo non vos estrañédes,
Nin vos fagádes preguntas:
Non preguntés por qué causa,
O fero mar desfigura,
Co eterno e duro combate,
De Nariga a ruda punta: Non son vagamundo, non son un bandido, *Fóran cousas da ventura*. **88**

Das africanas
Prayas veciñas,
Como costumán,
As peregrinas,
Ó lar amado,
Virán un día.

Verán a casa,
Tan doce e íntima,
Ó pé dos pinos,
Escurecida; E morándoa, unhas gentes estrañas, Hirtas e esquivas.

Mais logo erguendo,
Seu voxo axiña,
Darán mil rápidas,
Voltas compridas; E emprenderán con púngidas lembranzas, Triste partida.

89

As mofas bafúas,
Os odios minguados;
E do sátiro as focas sonrisas,
Perecerán;

Mais ós viriles
Rítmos ousados,
Que ceibáran as cordas de ferro,

Non morrerán! **90**
Pol-o alto cantando,
O sonoroos vái;

Coa aguillada ó lombo,
E garboso ademan;
Tardío conducindo,
En nuite de luar,
Grave o carro de táboas,
Anteposto quezáis;
E cal quen non se cuide,
Q' o poidan escuitar;
Por cousas que n' esprica,
D' un suído afan,
Mil pungentes recordos,
Se prace en espallar;
Mil vagas suidades,
Ceiband' os ecos vai;E da pequena pátria a servidume,Parece recordar...

Ó pé do noto *castro*,
Ben os mira ó pasar;
Q' en masa escura e infórme,
Ajuntados están;
E na nativa costa,
Os escuita fungar:
Parécelle que soan,
Intrépido compás,
Cuida que do combate,
Murmuran o sinal;
En escadron formados,
Cal gente de Breogán,
En falange de ferro ben tecida,
Que s' aprest' a lutar.

91

Da ruda pendente,
Soantes e altivos;Eu ben sei o que dín vosos vagos,Monótonos rítmos.

Os vosos agudos,
Arpados arumes,D' un poema as ardentes estrófas,Parece que zumben.

Cal récios acentos,
D' escura sibila;De pasados, futuros destinos,A alma adiviña.

Así como cousas,
Da boa *Zernagóra*;
Dos apróbios da serva Mesénia,
Dos párias e ilotas.
Dos servos da gléba,
Dos povos ignáros;
De nobres vinganzas,
Do rudo Espartaco;
Da fatal servidume da terra,
Dos eidos escravos!